

Martes, 18 de abril de 2023

Núm. 74

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

PROVISIÓN TEMPORAL DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO E URXENTE EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE "TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE RRHH"

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, con data do 11 de abril de 2023, adoptou o seguinte decreto:

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante, "Técnico/a de Organización e Xestión de RRHH", cód. 076, e que de seguido relacionase:

- código: 076
- subgrupo de titulación: A2
- nivel de CD: 26
- nivel de CE: 680
- tipo: singularizado
- escala: Administración Especial; subescala: Cometidos Especiais
- titulación requirida:
 - 32-Diplomatura en Ciencias Económicas e Empresariais ou equivalente
 - 33-Primeiro ciclo da Licenciatura en Dereito ou equivalente
 - 34-Diplomatura en Relacións Laborais ou equivalente
 - 35-Diplomatura en Xestión e Administración Pública ou equivalente
- formación específica: ningunha
- forma de provisión: concurso ordinario

SEGUNDO.- Nomear con cargo ao posto de traballo de " Técnico/a de Organización e Xestión de RRHH ", código 076 a d. J.C. Vázquez Míguez–D.N.I. **09014**; sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria e atópase directamente vinculada á correspondente convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2. A cobertura provisional en comisión de servizos rematará unha vez resolta a respectiva convocatoria na que se atopa incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido de un ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

TERCEIRO.- A presente comisión terá efectos administrativos e económicos dende o día seguinte á notificación da resolución ata a provisión definitiva dos postos de traballos. En todo caso a duración máxima da comisión de servizos será dun ano prorrogable por outro.



Martes, 18 de abril de 2023

Núm. 74

CUARTO.- Notificar a presente aos solicitantes dos postos de traballo cuxa provisión se oferta, a J.C. Vázquez Míguez-D.N.I. **09014**, M. Gallego Calleja- D.N.I. **25026** e I. Hermida Bejarano- D.N.I. **99841**;

ao persoal técnico e grupo dous da Área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Tributos, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

QUINTO.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria na Intranet municipal, Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

MDG/pc

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño

